

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 3 DE XULLO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a tres de xullo de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as dez horas

quinze minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 27 de xuño de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN (2 LOTES)” – EXPEDIENTE PAS-O 1/2025

De conformidade co establecido na cláusula 14ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de obras denominado “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E

ELEMENTO DE CUBRICIÓN (2 LOTES)”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN (2 LOTES)” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: O alcalde do Concello.

VOGAIS: José Mª Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Yolanda Aguiar Jorge, técnica municipal de Medio Ambiente.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

3.- ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA PISCINA MUNICIPAL DE RODEIRO

A Concellería-Delegada de Xuventude e Deportes do Concello vai programar unha serie de actividades de deporte, ocio e tempo libre, a desenvolver nos meses de verán, coa denominación de “*verán deportivo*”. Dentro delas vanse ofertar cursos de natación para nenos e adultos, así como unha actividade de aquagym para adultos, ambas a desenvolver na piscina municipal de Rodeiro.

As principais características das actividades a programar serán as seguintes:

- ✓ As actividades desenvolveranse durante os meses de xullo de agosto.
- ✓ Os cursos de natación terán a seguinte calendarización:
 - Iniciación (de 5 a 10 anos): martes e xoves de 12 a 13 horas.
 - Iniciación (maiores de 11 anos): mércores e venres de 12 a 13 horas.
 - Perfeccionamento (de 5 a 10 anos): martes e xoves de 13 a 14 horas.
 - Perfeccionamento (maiores de 11 anos): mércores e venres de 13 a 14 horas.
- ✓ A actividade de aquagym para adultos será os domingos de 12 a 13 horas.
- ✓ Establécese un número máximo de 10 inscritos/as por cada quenda de actividade, agás en aquagym que será de 15.
- ✓ O prazo de inscrición estará aberto ata completar as prazas.
- ✓ O prezo da actividade será de 20 €/mes e establécese en base á Ordenanza en vigor de servizos e actividades educativas.

4.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Jessica Froiz Fernández, traballadora laboral temporal do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das vacacións do presente ano 2025 durante os meses de xullo e agosto do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta do Departamento de Servizos Sociais, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ OMAIRA DEL CARMEN QUEVA ANTOIMA, con NIE núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 21 de xullo e 4 de agosto de 2025, ambos inclusive, en substitución da traballadora Jessica Froiz Fernández.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- CONCESIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

A/

VISTA a solicitude presentada por Don Manuel Carral López (RE núm. 1102, do 01/07/25), e a proposta de resolución emitida con data 02/07/25 pola traballadora social do Concello Dona Tamara García Fuentes, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don MANUEL CARRAL LÓPEZ, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Agrosagro, parroquia de Carboentes.

B/

VISTA a solicitude presentada por Dona María Cruz Buján García (RE núm. 1121, do 02/07/25), e a proposta de resolución emitida con data 02/07/25 pola traballadora social do Concello Dona Tamara García Fuentes, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as

asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona MARÍA CRUZ BUJÁN GARCÍA, con DNI núm. [REDACTED] veciña do lugar do Az, parroquia de San Cristovo do Az.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MAPFRE ESPAÑA S.A. 6.073,82 €
Por seguro anual da póliza de responsabilidade civil municipal, s/factura núm. 75202519900020004701 (FACe).
- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 1.000,00 €
Por achega ao convenio de administración electrónica 2025, s/cargo.
- CEXNOR TECNIC S.L. 811,34 €
Por traballos de revisión de extintores en edificios municipais, s/factura núm. FA25/922.
- LÓPEZ Y NOYA ARQUITECTURA URBANISMO S.L.P. 726,00 €
Honorarios por confección de memoria técnica estratéxica para solicitar subvención con cargo ao fondo adicional ao FCL, s/factura núm. 2025-18 (FACe).
- GEMAGAR GALICIA S.L. 2.495,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2025*” no mes de xuño de 2025, s/factura núm. 0025/0000020 (FACe).
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 56,04 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de maio de 2025, s/factura núm. 25ZNX0151509 (FACe).
- SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L. 36,96 €
Por subministro de materiais de abastecemento para obras municipais, s/factura núm. 25-LAL/1660 (FACe).

- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 7.115,41 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de maio de 2025, s/factura núm. 2025/1462 (FACe).
- URDIME S. COOP. GALEGA 1.110,00 €
Por representación do espectáculo “Abracadáver” dentro da programación de Cultura no Camiño 2025, s/factura núm. 25/311 (FACe).
- IRMA LÓPEZ LOSADA 19,71 €
Por subministro de material farmacéutico para o botiquín da piscina municipal, s/factura núm. 0-0000223/1.
- TRANSPORTES ELOY JORGE S.L. 205,70 €
Por transporte de zahorra para obras municipais, s/factura núm. T-042.
- PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U. 2.512,25 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 5626202568000626 (FACe).
- CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L. 16.214,00 €
Por traballos de limpeza e acondicionamento de camiños municipais, s/factura núm. 16 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)